

**MOD. DR 1 - DECLARACIÓN RESPONSABLE
ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS SEN OBRAS**

DATOS DA PERSOA DECLARANTE

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL			NIF/CIF
ENDEREZO	NÚMERO	PORTA	PARROQUIA
CONCELLO	PROVINCIA		
TELÉFONOS DE CONTACTO	CORREO ELECTRÓNICO		

DATOS DO/A REPRESENTANTE (no seu caso)

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL			NIF/CIF
ENDEREZO	NÚMERO	PORTA	PARROQUIA
CONCELLO	PROVINCIA		
TELÉFONO DE CONTACTO	CORREO ELECTRÓNICO		

DATOS DA ACTIVIDADE

TIPO DE ACTIVIDADE, ESPECTÁCULO OU ESTABLECEMENTO	
LOCALIZACIÓN	REFERENCIA CATASTRAL
DATA PREVISTA DE APERTURA OU DE INICIO DO ESPECTÁCULO OU ACTIVIDADE	AFORO MÁXIMO

TÍTULO HABILITANTE PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE

Esta declaración responsable, presentada cumprindo os requisitos, habilita para o exercicio da actividade, desenvolvemento do espectáculo ou apertura do establecemento, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. No caso da apertura de establecemento, unha copia selada deberá expoñerse nun lugar visible e de fácil acceso.

*Artigos 25.1 e 40.5 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
Artigos 12.1, 14.1 e 15.7 do seu Regulamento, aprobado por Decreto 144/2016, do 22 de setembro.*

DECLARO EXPRESAMENTE BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que cumpro todos os requisitos técnicos e administrativos, establecidos na normativa vixente, para o exercicio da actividade e que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico. Que conto con todas as autorizacións e os informes sectoriais preceptivos. Que dispoño da documentación que así o acredita e que a porei a disposición da administración cando me sexa requirida. Que me comprometo a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao devandito exercicio.

PARA QUE ESTA DECLARACIÓN RESPONSABLE SURTA EFECTOS, SERÁ PRECISO ACHEGAR A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

1.- En todo caso:

- Memoria explicativa da actividade.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio e recibo de pagamento das primas correspondentes.
- Documento acreditativo da dispoñibilidade do establecemento ou espazo aberto ao público en calidade de propietario/a, arrendatario/a ou en virtude de calquera outro título xurídico.
- Documento acreditativo, asinado polo/a declarante, da designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos exixibles.

2.- Cando así o dispoña a normativa específica aplicable:

- Proxecto e documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade ou instalación, redactados e asinados por persoa técnica competente.
- Informe, autorización ou declaración ambiental.
- Informes e autorizacións sectoriais preceptivos.
- Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa aplicable.

3.- Para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que requiran a montaxe de instalacións, consistentes en estruturas non permanentes desmontables, a persoa titular da instalación deberá presentar:

- Documento acreditativo, asinado polo/a declarante, da designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación.
- Marcación CE e declaración CE de conformidade das instalacións que correspondan segundo as súas características e o certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede.
- Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa aplicable.

4.- Se actúa por medio de representante:

- Acreditación da representación mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia.

LUGAR	DATA
-------	------

Sinatura da persoa declarante

Sinatura do/a representante
(no seu caso)

ALCALDE DO CONCELLO DE LALÍN

PROTECCIÓN DE DATOS: A persoa interesada (declarante ou presentadora) e, no seu caso, o/a representante comunican os seus datos persoais en cumprimento da normativa que se cita neste documento. Tales datos formarán parte dun ficheiro (do que é responsable o Concello de Lalín) que terá por finalidade a tramitación dos procedementos administrativos que, legalmente, se deriven da presentación deste documento no rexistro de entrada do Concello de Lalín. A persoa interesada e, no seu caso, o/a representante teñen dereito de acceso aos seus datos persoais, rectificación, supresión, limitación e oposición ao seu tratamento e cancelación, nos termos e coas consecuencias establecidas polo Regulamento xeral de protección de datos e pola normativa citada neste documento.